



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Mesa de Contratación. Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)
Luis Tros de Ilarduya Guerendiain (vogal Intervención)
Juan Ramón Costas Núñez (vogal Asesoría xurídica)
José Javier Rivera Martínez (secretario)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 13:00 horas do 16/11/2022, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Dar conta á Mesa do informe de valoración dos criterios sometidos a xuízo de valor e, no seu caso, adopción dos acordos que procedan, correspondente ás seguintes licitacións:

— CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DA REFORMA PARA A ADAPTACIÓN Á LEI DE REGULACIÓN DO APROVEITAMENTO LÚDICO DAS AUGAS TERMAIS DE GALICIA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA PISCINA TERMAL DE AS BURGAS (Expediente nº 2022024342)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

Dáse conta á Mesa do informe asinado pola Xefa do Servizo de Infraestruturas, de data 07/11/2022 (CÓDIGO CSV:9VO1EBH5N2HOLMR1), requirido pola Mesa na sesión de 21/09/2022, sobre avaliación das ofertas consonte aos criterios sometidos a xuízo de valor, correspondentes á contratación das obras de execución da reforma para a adaptación á Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia e mellora da accesibilidade na piscina termal de As Burgas (Expediente nº 2022024342).

A Mesa acepta o informe técnico, que se publicará conxuntamente coa acta a efectos de motivación, e acorda por unanimidade atribuír, polas razóns que se expresan no propio informe, as seguintes valoracións ás ofertas admitidas na licitación:

Nº	LICITADORES	TOTAL PUNTUACIÓN
1	Construcciones Orega SL	78,00
2	Coviaslec SL	93,00
3	Oreco Balgón SA	80,00

1. Análise da actuación a través da descrición detallada dos procesos de execución ofertados

Subcriterio/nº empresa	1	2	3
i. Análise e descrición das fases	4	5	5
ii. Análise e descrición da disposición dos medios auxiliares e materiais a empregar en cada fase	4	5	5
iii.- Análise e descrición do tráfico peonil e rodado xerado e modificado polas obras. Análise e descrición da organización de accesos e dispositivos existentes e propostos para garantir ou xestionar o mantemento dos usos ordinarios nas rúas e a accesibilidade peonil e rodada	3	5	3
iv.- Análise das medidas e actuacións encamiñadas a manter as prestacións municipais de servizos urbanos como os de seguridade, recollida de lixo, limpeza e análogos. Análise das medidas e pautas de actuación fronte a emerxencias	3	4	3





SUBTOTAL	14	19	16
1.2 Análise do ámbito e procesos necesarios para a implantación e correcta execución da obra			
Subcriterio/nº empresa	1	2	3
i).- Realización dunha análise e descrición concreta dos procesos construtivos específicos máis importantes	5	5	4
ii).- Elaboración de cadros e/ou fichas por unidades ou capítulos máis importantes	5	5	4
iii).- Realización dunha análise específica e detallada das problemáticas existentes	3	3	3
iv).- Definición de propostas de actuación segundo as problemáticas detectadas	3	3	3
SUBTOTAL	16	16	14
1.3 Proposta de planificación e redución dos traballos en función do prazo proposto			
Subcriterio/nº empresa	1	2	3
i.- Medidas ofertadas para optimización de prazos	10	10	10
SUBTOTAL	10	10	10
2.1 Descrición das funcións que desenrolará o equipo técnico propio adscrito, indicando as labores a realizar en cada unha das fases da obra e a xestión dos subcontratistas			
Subcriterio/nº empresa	1	2	3
i).- Identificación, titulación, tempo de dedicación á obra e definición de funcións do equipo técnico adscrito á obra	5	5	4
ii). Organigrama do equipo asignado a obra	1	1	1
iii) Acreditación dos medios auxiliares	2	2	2
iv) Acreditación da experiencia en obras similares do equipo técnico	3	3	3
v) Definición dos procedementos de xestión cos subcontratistas partícipes	1	1	1
vi) Compromiso con empresas instaladoras propostas de subministro materiais e prazo entrega	2	2	2
vii) Compromiso con empresas de instalacións hidráulicas e tratamentos de augas termais	3	3	3
SUBTOTAL	17	17	16
2.2 Programa de mantemento integral das instalacións			
Subcriterio/nº empresa	1	2	3
i.- Plan de mantemento integral	3	4	3
ii.- Equipo e medios técnicos empregados para o mantemento	3	4	3
iii.- Carta de compromiso do servizo de mantemento	1	1	1
SUBTOTAL	7	9	7
3. Programa de actuacións ambientais			
Subcriterio/nº empresa	1	2	3
i.- Definición das unidades da obra que máis emisións contaminantes produzan en forma de partículas en suspensión, pó, suciedade, gases de efecto invernadoiro ou análogas	3	4	3
ii).- Análise e proposta das medidas paliativas e correctivas a adoptar ó respecto das emisións contaminantes. Emprego de fontes de enerxía alternativas ou produtos, sistemas ou medios que diminúan o impacto sobre o medio ambiente	2	4	2
iii).- Análise da afección a recursos naturais afectados. Medidas paliativas e correctivas a adoptar ó respecto das afeccións a recursos naturais	2	4	2
SUBTOTAL	7	12	7
4. Plan de control de calidade			
Subcriterio/nº empresa	1	2	3
i.-Descrición do plan de control a executar a maiores do recollido en proxecto	5	7	7
ii.- Descrición do plan de control interno da empresa	2	3	3
SUBTOTAL	7	10	10

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

